

MULLERES DA RECONVERSIÓN

Memoria e vida das mulleres na transformación naval de Fene



Créditos e ficha técnica

Edita

© Deputación da Coruña
Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís
Sección de Igualdade e Dereitos Cívís

Fotografías

© Das autoras respectivas
Iago Varela
Navantía
Veciñanza de Fene
La Voz de Galicia

Produce

Iago Varela

Depósito Legal C 361-2026

Índice

Sáúdas	4
Introdución	9
A voz das mulleres: organizarse, falar, saír	13
A cociña e os peches: facer o xantar tamén era resistir	17
Traballar no estaleiro: tamén estaban dentro	23
As cartas e a vida en suspenso	29
A rúa e a represión: saír tiña un custo	35
Infancia, humillación e dignidade: medrar no medio da reconversión	41
Memoria e presente: isto tamén é historia	45
Agradecementos	48



A recuperación da memoria colectiva é unha ferramenta fundamental para avanzar en igualdade. Non hai políticas públicas transformadoras sen recoñecemento do pasado nin sen unha mirada crítica sobre as desigualdades que o atravesan.

O proxecto *Mulleres da Reconversión* nace coa vontade de reparar unha ausencia histórica: a invisibilización do papel das mulleres nos procesos de transformación industrial e social que marcaron a nosa provincia. Durante a reconversión naval, as mulleres sostiveron as familias, organizaron a vida cotiá, participaron activamente nas mobilizacións e fixeron posible que a loita continuase. Porén, durante moito tempo, esa contribución quedou fóra do relato oficial.

Desde a Área de Igualdade da Deputación da Coruña entendemos que incorporar a perspectiva feminista á memoria histórica non é un exercicio simbólico, senón unha necesidade democrática.

Este proxecto, desenvolvido en colaboración co Concello de Fene, é un exemplo de como as políticas públicas poden contribuír a visibilizar experiencias silenciadas e a construír un relato máis xusto e completo.

Esta publicación, xunto coa exposición e o documental que a acompañan, representa un compromiso firme coa igualdade, coa memoria e co recoñecemento das mulleres como suxeitos activos da historia.

Porque lembrar tamén é facer xustiza.

Sol Agra.

**Deputada de Igualdade e Dereitos Cívís.
Deputación da Coruña.**



Fene é unha vila marcada polo estaleiro. A súa historia, a súa identidade e a vida das súas xentes estiveron profundamente ligadas ao naval. A reconversión non foi só un proceso industrial: foi unha experiencia vital que atravesou casas, familias e xeracións enteiras.

Como alcaldesa, pero tamén como filla da reconversión, sei que este proceso deixou pegada. Unha pegada feita de medo, de incerteza, de loita e tamén de dignidade. E sei, sobre todo, que sen as mulleres nada disto se pode entender.

As mulleres de Fene sostiveron a vida nos momentos máis duros. Coidaron, organizaron, resistiron e estiveron na primeira liña das mobilizacións, moitas veces desde espazos pouco recoñecidos pero absolutamente esenciais. Esta publicación é unha oportunidade para devolverlles a palabra e o lugar que merecen na nosa historia colectiva.

O Concello de Fene apostou desde o primeiro momento por este proxecto porque cremos na memoria como ferramenta de cohesión, de recoñecemento e de futuro. Facémolo da man da Deputación da Coruña e, sobre todo, das mulleres que compartiron as súas historias con xenerosidade e valentía.

Mulleres da Reconversión non é só un exercicio de memoria: é un acto de agradecemento e de respecto cara a quen fixo posible que Fene seguise en pé cando todo parecía derrubarse.

Sandra Permuy.

Alcaldesa de Fene

Introdución

A reconversión naval marcou un antes e un despois na historia recente de Fene e da comarca de Ferrolterra. Foi un proceso de transformación industrial, económica e política que afectou directamente a milleiros de traballadoras e traballadores, e ás súas familias. Mais, durante décadas, ese relato estivo incompleto.

Falouse do emprego, das cifras, das empresas e das decisións políticas. Falouse das mobilizacións obreiras, dos peches, das manifestacións e da crise industrial. Porén, quedou en segundo plano, cando non directamente invisibilizado, o papel fundamental das mulleres.

Fotos de Astano. Arquivo Navantia



Esta publicación nace para **encher ese baleiro**.

Mulleres da Reconversión é un proxecto de memoria colectiva que recupera as historias, vivencias e experiencias das mulleres que viviron a reconversión naval desde diferentes lugares: como traballadoras do estaleiro, como parellas ou fillas de traballadores, como coidadoras, organizadoras, participantes activas nas mobilizacións e sostén das familias nun contexto de medo, incerteza e conflito social.

O proxecto desenvólvese a través dun proceso de encontros e grupos de traballo con mulleres de distintas parroquias de Fene. A partir da memoria oral, da recollida de documentación, de materiais gráficos e sonoros, e do diálogo colectivo, constrúese un relato compartido que non pretende ser exhaustivo nin pechado, senón **honesto e plural**, ademais de **profundamente humano**.



Fotos de Astano. Arquivo Navantia



Esta publicación complementase cun documental audio-visual e cunha exposición itinerante, mais non é un simple catálogo nin unha transcripción do audiovisual. É un espazo propio, pensado para a lectura pausada, para a reflexión e para a conservación da memoria a longo prazo.

Aquí non se sinalan nomes nin se individualizan experiencias. As historias preséntanse de maneira colectiva, porque así foron vividas: como unha experiencia compartida. A voz que percorre estas páxinas é múltiple, mais fala cun mesmo fío común.

Porque cando o estaleiro parou, **as mulleres non pararon**. Sostiveron a vida. Esa tamén é historia.

A voz das mulleres: organizarse, falar, saír

Cando comezaron a chegar as cartas e a incerteza se instalou nas casas, as mulleres comprenderon axiña que a reconversión non era só unha cuestión laboral. Era unha cuestión de vida.

Nos primeiros momentos, a información era escasa, confusa e fragmentada. As listas que recollían os nomes das persoas afectadas pola drástica redución de persoas que traballaban no estaleiro non se facían públicas. Os rumores corrían polas rúas e o medo medraba nas casas. Nese contexto, as mulleres comezaron a organizarse.

Unha destas ferramentas de organización foron as asembleas de mulleres. Espazos fundamentais de encontro e de intercambio. Nelas compartían o pouco que se sabía, debatían, tomaban decisións, e pensaban accións colectivas. Non eran reunións simbólicas nin de acompañamento: eran **espazos políticos reais**.

Neste contexto, a radio local xogou un papel clave. A través das ondas, as mulleres tomaron a palabra para facer chamamentos directos á participación. Falaban en primeira persoa, apelando a outras mulleres para que non quedasen na casa, para que se implicasen activamente na loita.

“Que as mulleres non queden na casa. Parece que sempre somos as mesmas.”



Las mujeres hacen causa común con sus maridos

La «Asamblea de Mulleres» celebra hoy otra reunión

Ferrol (Redacción). Para hoy, a las seis de la tarde, en la Casa de Cultura de Fene está convocada una nueva asamblea de la Asamblea de Mulleres da Comarca de Ferrol puesta en marcha por esposas de trabajadores de Astano.

Por otra parte, representantes del comité de empresa han solicitado una entrevista con el obispo de la diócesis de Mondoñedo - Ferrol, monseñor Araújo, para solicitarle que sea leída una homilía sobre los problemas de la reconversión en las celebraciones religiosas de Nochebuena. Otra

comisión del comité está organizando un «acto cultural», reivindicativo y solidario que se celebrará en Ferrol los primeros días de enero.

Los trabajadores mayores de 55 años, han sido convocados para hoy a las diez y media de la mañana en los comedores del astillero, al objeto de tratar sobre la jubilación anticipada. Dentro de la plantilla del astillero, según el plan de empresa, el número de operarios comprendidos en este apartado son 505.

La Voz de Galicia, 20/12/1984

Estas intervencións públicas romperon silencios e roles establecidos. Nun contexto no que a presenza feminina no espazo público non era habitual, as mulleres ocuparon micrófonos, para despois tomar as rúas e cortar estradas.

Organizáronse mobilizacións propias, peches, cortes de tráfico, concentracións diante dos concellos. As mulleres saíron á rúa para defender o emprego, pero tamén a dignidade das súas familias e o dereito a un futuro digno.

Con todo, a súa participación non estivo exenta de dificultades.



Esposas de trabajadores y alcaldes y concejales no socialistas de la comarca se suman a las actuaciones de la plantilla en contra de los planes de reconversión. Hoy, a las ocho, las mujeres se concentrarán ante el Ayuntamiento

La situación de los excedentes no ha variado,
según el expediente oficial

Esposas de trabajadores de Astano se concentrarán ante el Ayuntamiento

Houbo medo, presión social e mesmo críticas desde o propio entorno. Mais, malia todo, a organización das mulleres foi constante e sostida no tempo.

Estas accións non só acompañaron a loita obreira: **foron parte esencial dela.**

Recoñecer hoxe esta voz colectiva é recoñecer que a reconversión naval tamén se escribiu desde a palabra, a organización e a acción das mulleres. Unha voz que durante moito tempo non foi escoitada, pero que nunca deixou de falar.

A cociña e os peches: facer o xantar tamén era resistir

Cada vez que os homes quedaban pechados no estaleiro, a vida organizábase arredor

Cando os homes quedaron pechados no estaleiro, a vida reorganizouse arredor dunha pregunta simple e urxente: **como seguir adiante.**

Nas casas, a resposta comezou moitas veces na cociña.

A preparación da comida converteuse nun acto cotián cargado de significado. Non era só alimentar. Era acompañar, soste, colaborar na resistencia. A cociña pasou a ser un espazo central da loita, aínda que non aparece nas fotos nin nos titulares.

Había que pensar que facer co pouco que había. Estirar os recursos. Repetir pratos sinxelos, fáciles de preparar e de transportar. Tortillas, lentellas, filetes empanados, guisos. O que se podía. O que había en cada casa ese día.

Non había menús nin planificación previa. Había improvisación, adaptación constante e unha economía doméstica sometida á incerteza. Moitas veces non se sabía se ao mes seguinte habería ingresos, nin cando volvería entrar soldo. A comida convertíase así nun exercicio diario de supervivencia.

“Faciamos contas todo o tempo. Que había, que podía agardar, que se podía levar.”

A comida preparábase para levar fóra da casa. Para os homes que estaban pechados. Para que non estivesen sós. Para queoubesen que, mentres resistían dentro, había quen resistía fóra.

Aquel xesto repetido día tras día tiña un valor simbólico enorme. Levar comida era dicir: estamos aquí, seguimos, non estades sós. Era unha forma de presenza, de acompañamento e de apoio moral.

A organización, ás veces era individual. Outras, chamábanse unhas ás outras. Compartían ingredientes. Poñían en común o pouco que había en cada casa. Se unha tiña ovos, outra achegaba patacas. Se unha facía tortilla, outra preparaba un guiso. As *fambreiras* enchíanse e pechábanse con coidado, sabendo que aquilo non era só comida: era unha mensaxe.

Moitas veces íase en grupo ao estaleiro. Outras, acompañadas de nenas e nenos. Para moitas crianzas, aquela foi a primeira toma de contacto coa loita colectiva. Aprenderon axiña que aqueles recipientes non eran para a mesa familiar, senón para levar a outro lugar. Un lugar de peches, de pancartas, de espera.

“As nenas sabían que aquela comida non era para nós.”

Mentres se pelaban patacas ou se empanaban filetes, falábase. Falábase do medo, da rabia, da impotencia. Falábase das cartas, das listas, dos rumores. Falábase de quen cobra-



Fiambreira para levar a comida aos peches. M^o José García

ra e quen non, de quen parecía que quedaría e quen non. A cociña era tamén un espazo de descarga emocional. Un lugar onde chorar sen facer ruído, onde compartir preocupacións, onde buscar apoio noutras mulleres que estaban na mesma situación.

Había silencios longos. Momentos nos que só se escoitaba o coitelo sobre a táboa, o aceite quentando, o chisporroteo do fritir. Eses silencios tamén falaban. Falaban do cansazo, da espera, da tensión acumulada.

“Cociñar axudaba a non pensar tanto.”

Nalgúns casos, preparar comida era tamén a única maneira de sentir que se estaba facendo algo útil. Fronte á sensación de impotencia, o xesto de cociñar devolvía certo control sobre a situación. A vida seguía, aínda que todo arredor parecece parado, como unha foto fixa.

Este traballo invisible, repetitivo e nunca recoñecido fixo posible que os peches durasen. Sen ese apoio loxístico, sen esa organización diaria,



moitas mobilizacións non terían sido viables. A loita non se sostivo só no estaleiro ou nas rúas, tamén nas casas.

A resistencia tamén se construíu así: coas mans ocupadas e a cabeza aguantando.

Este capítulo non fala de receitas nin de pratos concretos. Fala de algo moito máis profundo: da capacidade das mulleres para transformar o coidado nun acto político. De converter o cotiá nunha forma de loita.

Porque cando o estaleiro pechou as súas portas, a cociña abriu as súas.

E desde alí tamén se resistiu.

Traballar no estaleiro: tamén estaban dentro

Durante décadas, a imaxe do estaleiro construíuse como un espazo eminentemente masculino. Os relatos e a memoria colectiva asociaron o traballo naval aos homes, ás gradas e aos talleres. Porén, a documentación histórica demostra que as mulleres tamén estiveron dentro, aínda que a súa presenza fose durante moito tempo discreta e escasamente recoñecida.

Mod. 133

CONTRATO DE TRABAJO

En París (Pene) 22 de Diciembre de mil novecentos e noventa

entre y... nueva

De una parte Dña. Ignacio Domínguez-Ilano y Salvache

de 42 años de edad, de estado casado, con residencia en El Ferrol

del Cauitillo, calle de Plaza de España núm. ... en concepto

de Director General del establecimiento de INDUSTRIAL «ASTILLEROS Y TALLERES DEL NOROCCIDENTE, S. A.»

Y de otra Dña. María Olga Santiago López

de 22 años de edad, de estado soltera, profesión Traductora-intérprete

domiciliada en Pene, calle de Lisandro núm. ...

Ambos partes de común acuerdo y con capacidad legal suficiente para ello, convienen el presente contrato con sujeción a las siguientes:

ESTIPULACIONES

Primera.—El objeto de este contrato es el trabajo del obrero... indica

milada a oficial de 1ª B. Administrativo. Traductora-intérprete, así-

Segunda.—El trabajo motivo de este contrato ha de prestarse por unidad de tiempo y en la siguiente forma: Realizando el obrero los trabajos propios de su actividad que le sean encomendados por la Empresa o sus representantes, con arreglo al Reglamento de Régimen Interior aprobado por la Delegación de Trabajo.

Tercera.—La remuneración del contrato será la de CINCO MIL NOVECIENTAS, pesetas, ... céntimos por ... mensualidades ... meses.

Cuarta.—La duración de la presente es la legal de ocho horas.

Distintamente queda a cargo de los representantes de la Empresa y sujeción al cuando durante que debidamente aprobada por la Inspección provincial del Trabajo obra en el establecimiento. Los descuentos serán los previstos por la ley de 13 de Julio de 1940 y Reglamento para su aplicación de 25 de Enero de 1941, y demás disposiciones de aplicación que regulen los mismos.

Quinta.—La duración del presente contrato será la de un año, con sujeción a la estipulada en la base undécima del presente contrato de trabajo.

Sexta.—El presente contrato se entenderá sometido a un período de prueba de un mes contados a partir de la fecha de su entrada en vigor y durante cuyo plazo cualquiera de las partes podrá darlo por finalizado libremente sin que por tal causa proceda ninguna indemnización de ninguna especie.

Séptima.—Este contrato comenzará a regir desde el día de la fecha.

Octava.—El patrono se obliga a cumplir, con rigurosidad, exactitud cuantos deberes le imponen las disposiciones en vigor sobre Seguros Sociales.

Novena.—Ambas partes se comprometen al estricto cumplimiento de las leyes de Trabajo y muy especialmente al de lo consignado en el Reglamento de Régimen Interior de la Empresa, aprobada por la Delegación Provincial de Trabajo, como igualmente a los preceptos de la ley de 21 de noviembre de 1931.

Décima.—La imposición de sanciones, si procedieran, habrán de acomodarse a lo dispuesto por las disposiciones en vigor y lo estipulado en el Reglamento de Régimen Interior, uno de cuyos ejemplares se entrega al obrero contratado.

Undécima.—El presente contrato se entenderá rescindido y concluido sin otra obligación patronal que la del pago de la indemnización, en cualquiera de los siguientes casos:

a) Al transcurso del plazo de duración del presente contrato, en cuyo caso la Empresa quedará en libertad de acción para prescindir del obrero contratado, o continuar utilizando sus servicios.

b) En caso de cesante, trascurso o venta de la industria.

c) En el supuesto de que la Empresa se viera obligada a sustituir al contratado por virtud de mejor derecho que pudiera corresponder a Cálculos Mutuales o excomulgantes con arreglo a las disposiciones en vigor sobre colocación obrera.

Y en prueba de conformidad, la firman los que intervinieron, por duplicado ejemplar, a los efectos del oportuno visado, a cuyo efecto deberán presentarse ante la Inspección Provincial de Trabajo de La Coruña.

El Patrono,

El Obrero,

INSPECCIÓN Y TALLERES DEL NOROCCIDENTE, S. A.

P. M. P. M.

P. M. P. M.

Nos primeiros anos do estaleiro, a presenza feminina limitábase aos actos cerimoniais, especialmente ás botadoras, onde as mulleres aparecen como madriñas dos buques. Trátase dunha presenza simbólica, asociada ao ritual e non á produción, que responde aos patróns sociais e culturais do primeiro franquismo, fortemente restritivos para a autonomía feminina.



Madrinaxe de traballadoras.
Arquivo Navantia. Olga Santiago



Carnés de Mª Isabel Rodríguez e Olga Santiago

As primeiras traballadoras tiñan como principais destinos profesionais os ligados a funcións consideradas auxiliares ou administrativas, como limpeza, delineación, compras, secretaría, economato ou persoal. Unha invisibilidade que non é casual, e reflicte un contexto no que o acceso das mulleres ao emprego estaba condicionado, limitado a determinados postos e subordinado á autoridade masculina.

Cando chegou a reconversión naval, as mulleres traballadoras tamén se viron afectadas. Houbo despedimentos, non renovacións de contrato, traslados e incorporacións aos Fondos de Promoción de Emprego. Algunhas viviron máis dunha reconversión ao longo da súa vida laboral. Outras compartiron cos seus compañeiros os peches no estaleiro, a espera prolongada, o frío e a incerteza.

“Cando falaban de reconversión, sabías que tamén ía contigo.”

Durante aqueles días e semanas, o tempo pasaba de outro xeito. Había que buscar formas de ocupar a espera: facer calceta, bordar, falar. Algunhas mulleres lembran ter bordado manteis durante os peches, convertendo o tempo morto nun xesto de resistencia íntima. Outras lembran durmir en colchóns improvisados, en almacéns ou en despachos, adaptando os espazos de traballo a necesidades básicas de descanso.

Polos postos que ocupaban, algunhas tiñan acceso a teléfonos durante os peches. As chamadas desde a casa eran momentos de especial carga emocional. Fillos e fillas que preguntaban se volverían cear, ou cando regresarían. A distancia entre o estaleiro e o fogar, ás veces de escasos metros, parecía entón insalvable.

“Indo a unha asemblea dixéronnos que calquera sitio nos valía para buscar mozo. Pensaban que as mulleres non iamos a máis ca iso”.

As mulleres traballadoras viviron tamén o clima de rumores e listas. A falta de información oficial alimentaba a tensión. Sabíase que existían relacións de persoas afectadas, pero non se facían públicas. As conversas nos corredores e nas oficinas convertéronse nun exercicio constante de interpretación e medo.

A pesar de todo, moitas continuaron cumprindo co seu traballo mentres podían, asumindo tamén, ao mesmo tempo, o peso da casa e dos coidados. A dobre xornada intensificouse nun contexto xa de por si extremo.

A experiencia das mulleres dentro do estaleiro foi complexa, chea de contradicións, de orgullo polo traballo realizado e de dor polo proceso vivido. Moitas recoñecen que, aínda hoxe, pasar diante do estaleiro provoca unha reacción física inmediata.

“Pasas por diante do estaleiro e dáche a volta ao corpo.”


Recoñecer esta historia é imprescindible para comprender a reconversión naval na súa totalidade. Porque o estaleiro non foi só un espazo de homes. Foi tamén un lugar no que as mulleres traballaron, aguantaron, resistiron e deixaron pegada, aínda que durante moito tempo esa pegada non se vise.

E esa historia tamén merece ser contada.

As cartas e a vida en suspenso

Houbo un momento no que a reconversión deixou de ser unha palabra abstracta para converterse nun feito concreto. Ese momento chegou ás casas en forma de carta a poucos días do Nadal.

Carta dos fondos de promoción de emprego. M^o Isabel Rodríguez

División de Construcción Naval	DE: DIRECCION DE PROMOCION INDUSTRIAL
Madrid, 1 de Julio de 1986	A DIRECTOR GENERAL (D. Juan Sáez)
Asunto: SITUACION DE LA OFICINA DE PROMOCION INDUSTRIAL DE FERROL.	
Con fecha 1 de Julio de 1986 se le ha comunicado a Isabel Rodríguez Bastida, Secretaria en la Oficina de Promoción Industrial de Ferrol, la no renovación de su contrato de recuperación temporal en ASTANO y, en consecuencia, su pase definitivo a los Fondos de Promoción de Empleo. Dicha situación se produce a pesar de los magníficos informes que obran en la Empresa acerca de dicha empleada y su extraordinaria dedicación al trabajo en Promoción Industrial. Como responsable de Promoción Industrial de la División no puedo entender que en una plantilla de 2.200 personas no tengan cabida 3 personas dedicadas a la recolocación de los excedentes del I.P.E. de ASTANO. No puede olvidarse que todos los no recolocados a final de 1987 tendrán derecho teórico a reingresar en la Empresa. En consecuencia, parece que debieran primarse los esfuerzos y dedicación a los temas de Promoción Industrial, y no desarticular los escasos medios hasta ahora dedicados a los mismos. En la confianza de que se reconsidere la situación de Isabel Rodríguez Bastida y sea reingresada en ASTANO para su ubicación en la Oficina de Promoción Industrial quedo a la espera de tus noticias.  Ignacio García de Cortázar.	
<i>Ignacio García de Cortázar Ruiz de Aguirre</i> Director de Promoción Industrial División de Construcción Naval Instituto Nacional de Industria Sevilla, 11 20000 Madrid Edif. 275 27 94 Cabo 2000-2000	

As cartas marcaban un antes e un despois. Avisos de despedimento, de non renovación de contrato, de paso aos Fondos de Promoción de Emprego. Chegaban sen previo aviso, sen explicacións claras e, moitas veces, sen alternativas inmediatas.

Abrir aquela carta era abrir unha fenda no futuro.

“Cando chegou a carta... aquilo foi a devastación”

A vida quedou en suspenso. Proxectos vitais interrompidos. Decisións adiadas. Casas a medio construír que quedaron paradas durante anos. Plans feitos con esforzo que de súpeto xa non tiñan sentido.

Para moitas familias, a reconversión chegou nun momento especialmente delicado: cando estaban comezando unha vida en común, cando acababan de mercar unha casa, cando había fillos pequenos. A sensación de inseguridade instalouse de forma permanente.



Casa a medio construír. M^a Luisa Prieto

A incerteza non remataba coa carta. Ao contrario: comezaba aí. As listas de persoas afectadas convertéronse nun símbolo da angustia colectiva. Circulaban rumores, medias verdades, información contraditoria. Cada conversa engadía unha capa máis de tensión.

Ir ver as listas era un acto cargado de medo. Un xesto que podía confirmar ou destruír expectativas. Moitas mulleres lembran ese momento como un dos máis duros de todo o proceso.

Esquerda: La Voz de Galicia 4/12/1984. Dereita: Faro de Vigo 22/12/1984

Los sindicatos piden a los afectados que no se apunten al fondo de empleo

Ayer se recibió en Astano la lista de los precedentes, pero aún no ha sido hecha pública

[illegible]

Aunque el comité mantiene en secreto el listado definitivo de los trabajadores declarados excedentes por la gerencia central de la empresa, se sabe ya que, además de los 160 trabajadores que ya se encuentran en lista desde 16 de los 26 directivos de la planta, 26 de los 43 ingenieros superiores, 61 de los 126 peritos, y el resto, trabajadores de oficinas y de talleres, han completado hasta 34.144 horas de trabajo en el último trimestre.

El comité J. Sarmiento, en uno de las intervenciones esporádicas ante los trabajadores, que no se dieron a la hora habitual, las de la tarde, sólo que se mantuvieron en el último día finalizado de la semana. El comité declaró: «El problema de los excedentes incurren sobre todo en los obreros incluidos en las listas de excedentes. Así, a la mañana, incluso, para evitar una avalancha de trabajadores en las oficinas del comité, celebraron sus reuniones en la noche».

Concluida la reunión de los representantes en Bilbao, uno de los representantes asistentes informó

[illegible][illegible]

Son ya 2.000 los trabajadores de "Astano" que renunciaron a los fondos de promoción de empleo

☐ Delegación

A medida de ayer eran ya algo más de 1.900 los trabajadores de "Astano" que habían entregado al comité de empresa las cartas que les habían sido remitidas declarándoles excedentes, manifestando así su intención de no integrarse en los Fondos de Promoción de Empleo. El comité informó también que unos 3.600 productores habían firmado ya las "contracartas" que serán enviadas al ministro de Industria, en las que se considera que el expediente de regulación de empleo contiene elementos de ilegalidad y los firmantes declaran que, en consecuencia, no piensan integrarse en los FPE ni aceptar la ruptura de su relación laboral con la empresa.

Los trabajadores de "Astano" celebran hoy una asamblea. En ella los representantes sindicales continuarán su campaña para aumentar el número de firmantes de las "contracartas" y de devolución de las que los declaren excedentes. Se preparará también la manifestación prevista para mañana, a las 11,30, en el Polígono Industrial de la Gándara.

SE PRESENTARON DOS RECURSOS

Fueron dos los recursos presentados ayer por las centrales sindicales con representación en el astillero contra la resolución de la Dirección General de Empleo. Durante la noche, el comité de empresa estudió los textos presentados por CC.OO. e INTG. El texto de CC.OO. sirvió de base para el recurso firmado integralmente por los delegados sindicales de CC.OO., INTG y USO. Sus puntos esenciales son los anunciados ayer en este diario. La impugnación de la resolución por defecto de forma en el procedimiento y por ser causa de indefensión jurídica de los trabajadores.

Incluye además un apartado en que se analiza el contenido de la lista de excedentes, aduciendo que, de acuerdo con el listado, se produce la destrucción del organigrama básico del astillero, lo que entraña en contradicción con el propio plan de reconversión, al cerrar la puerta al relanzamiento de la empresa. Fuentes del comité señalaron que, en función de la lista de excedentes, desaparecen departamentos como el de proceso de datos y el financiero, así como el Economato, enfermería, comedores, laboratorio y servicio de vigilancia-jurisdicción. También se consideran excedentes, según el comité, gremios completos, como el de calafates, marineros, verificadores y operarios de máquinas y herramientas (montadores de taller).

Los delegados de INTG, por su parte, presentaron también ayer el recurso elaborado por sus servicios jurídicos. Su contenido no difiere en esencia del firmado por todo el comité—excepto, obviamente, la UGT—, pero se basa en distintas disposiciones legales, lo que hizo imposible el refundido de ambos.

Los recursos fueron entregados al gobernador civil coruñés, para su tramitación a los Ministerios de Industria y de Trabajo, a los que van dirigidos.

ENCIERRO DE MUJERES

Cerca de un centenar de mujeres de la Asamblea de Mulleres dos Traballadoras de "Astano" mantuvieron ayer un encierro en el Palacio Municipal ferrolano, para protestar por la actitud que viene manteniendo la Corporación en la tema reconvención. Las mujeres, que estuvieron en el Ayuntamiento desde la mañana hasta las 7 de la tarde, celebraron una entrevista con el alcalde accidental, Manuel Casal, al que pidieron un pronunciamiento de apoyo a las reivindicaciones de los trabajadores del astillero. Su demanda no fue atendida, por lo que las manifestantes pidieron la dimisión de la Corporación.

Sobre las ocho de la tarde de ayer, los trabajadores de Astan habían abandonado ya el astille-

“Non sabías se querías ir ver ou non.”

Durante meses, nalgúns casos anos, a economía familiar estivo sometida a unha precariedade constante. Houbo períodos longos sen cobrar. Houbo que reorganizar gastos, priorizar o imprescindible, eliminar todo o que non fose absolutamente necesario.

As mulleres asumiron, na maioría dos casos, a xestión diaria desta situación. Facían contas, buscaban solucións, tentaban estirar os recursos. Algunhas comezaron a traballar por primeira vez, outras retomaron estudos, outras buscaron ingresos complementarios como puideron.

“Había que facer números todos os días.”

A tensión económica trasladouse ás relacións persoais. As discusións nas casas fixéronse máis frecuentes. O medo ao futuro afectou á convivencia, ás decisións compartidas, ás relacións de parella. Moitas mulleres lembran ese período como un tempo de desgaste emocional profundo.

A reconversión non foi só perda de emprego. Foi un tempo de espera interminable, no que a vida parecía estar sempre a piques de comezar de novo, pero nunca chegaba a facelo.

Mesmo cando a situación se resolvía dalgunha maneira, cun traslado ou recolocación, a ferida non se pechaba. Para moitas persoas, aquela experiencia marcou a súa relación co traballo e co futuro.

“Desde aquela, nunca máis volvemos estar tranquilas.”

Este capítulo fala dese tempo suspendido. Dunha vida vivida en pausa. Dunha xeración que aprendeu que non todo dura para sempre. Que todo pode desaparecer dun día para outro.

E tamén fala da capacidade de adaptación e resistencia das mulleres, que, no medio da incerteza, seguiron sostendo a vida cotiá, aínda cando o futuro parecía imposible de imaxinar.

A rúa e a represión: saír tiña un custo

Chegou un momento no que quedar na casa xa non era unha opción. A rúa converteuse no único espazo posible para facerse ver, para reclamar traballo, futuro e dignidade. E as mulleres estiveron alí.


As mobilizacións foron constantes e variadas: manifestacións nas vilas, cortes de tráfico, concentracións diante dos concellos, viaxes a outras cidades. Moitas veces sen saber exactamente a onde se ía nin como se volvería.

Ir a unha manifestación non era un xesto simbólico. Era unha decisión que implicaba risco.

“Saías sen saber como ías volver.”

As mulleres lembran con nitidez as cargas policiais. Seguen sen entender o por que daquelas olladas de odio e culpabilizantes. Sen entender por que recibían malleiras por defender os postos de traballo dunha comarca.

Hai imaxes que quedaron gravadas para sempre. Madrid e aqueles cabalos enormes, que avanzaban cara á xente, acurrallándoa. Ou aquela mobilización na que os botes de fume chegaron ao colexio de San Valentín, e houbo que ir recoller ás nenas e nenos no medio da confusión, sen entender que estaba a pasar. A loita entrou directamente nas aulas.



Billetes de bus. Valentín García Modrón

CONCELLO DE FENE

(A CORUÑA)

Diante da firme vontade do Goberno español de aproba-lo decreto de reconversión do sector naval, coas graves consecuencias que se derivan para a nosa comarca, o Concello de Fene chama o conxunto dos veciños para que secunden as movilizacións que se convoquen na defensa do posto de traballo e esixindo un plan de reindustrialización da comarca. Neste sentido, e co ánimo de presionar o Goberno para que paralice a aprobación do decreto, o Concello convoca as seguintes accións:

—Chamamos a todos os veciños do Concello para que o mércores, 13 de xuño, ás 10,00 da noite, saian as portas e fiestras das súas casas e fagan sonar durante 15 minutos cacerolas, latas, bocafías e demais instrumentos semellantes. Ese mesmo día, a Corporación quedará encerrada nas dependencias do Concello.

—Venres, 15 de xuño, folga xeral no Concello. Paralizándose todas actividades e establecementos públicos dende primeiras horas da mañá e ata as 12,00 da noite. Ese mesmo día, asemblea ás 10,00 da mañá no Concello e manifestación ás 8,00 da tarde.

**POLA DEFENSA DO POSTO DE TRABALLO
POR UN PLAN DE REINDUSTRIALIZACION**

15 DE XUÑO, FOLGA XERAL

Bando Concello de Fene 14/06/1984

“Coller aos nenos no medio do fume foi o máis duro que vivín na reconversión”

Noutras ocasións, as cargas producíanse de maneira inesperada. E había que escapar como se podía. Refuxiarse en bares, portais ou casas alleas. Hai quen lembra verse correndo pola avenida das Pías e ter que separarse da súa parella, cada un escapando por un sitio distinto, sen saber se a outra persoa estaba ben.

Gárdase con agarimo o recordo dunha muller anónima que abriu un portal en Ferrol para dar acubillo e unha infusión para esperar que pasase o perigo. Pequenos xestos de solidariedade obreira no medio da violencia.

“Unha muller que non coñecía de nada meteume na súa casa.”

Trabajadores de astilleros anuncian un boicot al Fondo de Promoción de Empleo

res de la factoría Astano se reunirán en asamblea permanente a partir de las 7,00 horas de mañana con objeto de discutir la situación que pueda producirse una vez que los más de tres mil trabajadores reciban, como se les ha anunciado en los últimos días, la notificación de la rescisión de sus contratos. Por otra parte, se va a establecer contacto

Manifestación

Un grupo de mujeres de los trabajadores de los astilleros de Olaveaga —antigua Eus-

Una pancarta en contra del Partido Socialista y otra en la que se leía «no al cierre de Euskalduna», abrían la manifestación en la que varios cientos de personas, trabajadores del astillero y esposas de éstos, corearon consignas contra la política económica del Gobierno y la actuación del Gobierno Civil de Vizcaya.

La manifestación se disolvió, sin incidentes, después de dar lectura a un comunicado sobre el encierro de las mujeres de los trabajadores, en protesta «por la decisión del IN de cerrar Euskalduna y ante la negativa de la Administración a dar otra salida que no se pone en la calle a nuestros maridos».

«Denunciamos —continuó la nota— el acoso permanente al que se han visto sometidos los trabajadores de Euskaldun

Manifestación

Un grupo de mujeres de los trabajadores de los astilleros de Olaveaga —antigua Eus-

Un grupo de mujeres de los trabajadores de los astilleros de Olavcaga —antigua Eus-

Lugo (Reduñco). Entraron y saíen mil personas, de estas más de cuatro mil procedentes de Ferrol, participaron en las últimas horas de la tarde en una manifestación celebrada en Lugo, en contra de la reconversión industrial. Con esta manifestación, que se desarrolló en minutos, se dio fin a una jornada que comenzó con una jornada de movilizaciones en la que participaron trabajadores ferrolenses y luguenses. Como estaba previsto, los manifestantes comenzaron con una asamblea en la AISS, a la que siguió la distribución por toda la ciudad de volantes con el lema "No a la empresa de Astano, dirigida a los trabajadores e ciudadanos de Galicia", para explicar el problema. Pasada la una de la tarde, los manifestantes se concentraron en la plaza pública Plaza de Santo Domingo para concentrarse, en la que participaron cerca de mil personas, de cuyo medio millar se repartieron volantes. El tráfico se permaneció cortado el tiempo en esta zona.

Estas movilizaciones, y sobre todo la manifestación de la última hora de la tarde, entre las plazas de La Milagrosa y Mayor, a pesar de la copiosa lluvia, no tiene precedentes en la reciente historia laboral de Lugo, por su concurrencia. Hasta ahora, ninguna manifestación convocada por sindicatos de tipo laboral había alcanzado la cunilad indicada.

**Entrada por 4 puertas
de la asamblea**

Después de la asamblea celebrada en la AISS, en que un dirigente de la Intersindical Xesis Arrizado, informó del programa de estas movilizaciones, cuatro equipos formados por unas ochenta personas cada uno, con servicio de me-

fefona, penetraron por otras tantas puertas de la masalla. En tal sentido, sobre unos quinientos trabajadores ferrolanos se habian trasladado e diez autocares y coches particulares, con el objeto de sensibilizar a los posibles protagonistas del problema, al cual se le propugnaron la manifestacion. En la indicada asamblea se indicio que el Ayuntamiento, por la oposicion del PSOE y de otros grupos no concedio autorizaciones para que el acto de cierre de la manifestacion se celebrase en el balcón principal de la casa municipal. El mismo dirigente californiano, tras haber comunicado de Alonzo Paez en contra de la conversacion. "Nos nos facilitan o balcones do Ayuntamiento, adó o sempletes, dijeron. Por su parte, el alcalde Viesgo Quiroga dijo que "los organizados de la manifestacion estan visitando en la masalla, pero, pero, comprometerse."

La concentración de la Plaza de Santo Domingo, al pie del monumento al bimilenario de la ciudad, se desarrolló entre la una y la una y media de la tarde. Pancartas y banderas de los sindicatos de CC.OO., INTG, SGS, así como de todas las organizaciones del BNG y alguna de la CNT se ex-

En la plaza de Santo Domingo, al pie del monumento del Bicentenario de la ciudad de Lago

El gobernador civil, Juan Manuel Iglesias Rivera, se permaneció todo el día en su despacho oficial, sin entrar en el objeto de la manifestación, eligió el "tremendo civismo" de los participantes. Aludió a que un colectivo de trabajadores ejerció un derecho cívico-cuanto. Por todo esto no lo

[illegible]

La manifestación estuvo encabezada por el presidente de la empresa de Apatzingán, con el lema "Contra el decreto de reconstrucción de Apatzingán, que ordena, purgada por miles de los antiguos huanes, que participaran todos, excepto los que se beneficiaron de la manifestación" (según la Plaza Mayor, en lo que se desarrolló el día 15 de mayo, cuando las canciones interpretadas fueron letra de "Que se quelen los que se beneficiaron de las masas de la situación" y "Que se vayan los estancieros de la CEOE, que se vayan por no pagar impuestos").

Desde el templo de la alameda de la Plaza Mayor, intervino el alcalde de Apatzingán, Raúl Páez, repudiando la manifestación y el desarrollo de la manifestación, afirmando que "los que se beneficiaron de la manifestación, los trabajadores de la CEOE, que se vayan por no pagar impuestos".

En el congreso de distribución de la plaza Mayor, el presidente del Gobierno del Estado, nos planea de desarrollar la manifestación, afirmando que "los que se beneficiaron de la manifestación, los trabajadores de la CEOE, que se vayan por no pagar impuestos".

Cabe recordar, finalmente, que la manifestación fue encabezada por Raúl Páez, repudiando la manifestación y el desarrollo de la manifestación, afirmando que "los que se beneficiaron de la manifestación, los trabajadores de la CEOE, que se vayan por no pagar impuestos".

Manifestación en Madrid. La Voz de Galicia 3/12/1984

Manifestación en Lugo. La Voz de Galicia 15/1/1984

As viaxes a Madrid quedaron especialmente marcadas na memoria colectiva. Horas e horas de tren, durmindo onde se podía, no espazo das maletas, compartindo comida.

As manifestacións tamén deixaron escenas duras: vagóns queimados, cargas con cans, golpes. Houbo quen volveu á casa con hematomas visibles. Houbo quen tardou días en recuperar a calma.

“Pegaban a todo o mundo, homes e mulleres, maiores e pequenos. Non se filtraba”

A represión non era só física. Tamén era psicolóxica e social. Houbo insultos desde as ventás, comentarios ferintes.

Sentirse **sinaladas**. Mulleres que insultaban ás mulleres que loitaban chamándoas “guerrilleiras”, homes chamados “parados de luxo”. A división social foi unha das feridas máis fondas da reconversión, que en moitos casos segue sen se pechar.

Moitas mulleres lembran o medo a falar, a mostrarse. Ir á tenda coa cabeza baixa para evitar preguntas. Evitar dar explicacións que non se debían nin se podían dar.

Sus compañeras iniciaron ayer una huelga indefinida Se reanuda el encierro de cuatro trabajadoras de la auxiliar «Sol»

Ferrol (Redacción). Ayer reanudaron el encierro cuatro trabajadoras que prestan servicios en la empresa «Sol», compañía auxiliar de Astano. Paralelamente otras once compañeras se han puesto en huelga indefinida, acciones de protesta acordadas a raíz del despido de las cuatro empleadas de limpieza. El encierro se lleva a cabo en el local del comité de empresa de la principal, después de haber depuesto esta actitud el pasado jueves, por decisión de la asamblea, ante las condiciones deficientes de seguridad durante las fechas festivas en las que no se gestionó actividad laboral.

Cabe recordar que las trabajadoras encerradas llegaron a anunciar el pasado fin de semana la posibilidad de subirse a la grúa portuaria de Astano, como una medida más de presión exigiendo la readmisión. La dirección de «Sol» les había rescindido el contrato ante la escasa demanda de trabajo que le plantea la empresa principal.



Nuevamente las cuatro trabajadoras de «Sol» han vuelto a su encierro voluntario

La Voz de Galicia 10/1/1984

“O peor foi a división.”

Mesmo así, as mobilizacións continuaron. Houbo manifestacións de mulleres soas, cortes de tráfico protagonizados

por elas, concentracións diante dos concellos. Houbo tamén manifestacións de nenos e nenas, levando carteis, repetindo consignas que falaban dun futuro que non estaba garantido.

A rúa foi un espazo de loita, pero tamén de aprendizaxe colectiva. Alí as mulleres perderon o medo, tomaron conciencia da súa forza e da súa capacidade de acción.

Saír á rúa tiña consecuencias. Deixaba marcas físicas e emocionais. Pero tamén deixou unha certeza compartida: non quedaron na casa.

E iso tamén forma parte da historia da reconversión



Casco de ASTANO e megáfono. Archivo Navantia

Infancia, humillación e dignidade: medrar no medio da reconversión

A reconversión tamén se viviu desde abaixo. Desde a altura das crianzas, desde os corredores das escolas, desde os patios e as casas nas que algo estaba a cambiar, aínda que ninguén llo explicase con palabras claras.

As fillas da reconversión percibían que algo pasaba. Notábano no ambiente das casas, nas conversas interrompidas, nas discusións máis frecuentes, nos silencios longos. A palabra carta comezou a soar unha e outra vez, sen que sempre se entendese o seu significado exacto.

“Chegabas da escola e oías falar da carta, da carta... e sabías que algo ía mal.”

Moitas crianzas lembran ese tempo como unha etapa de tristura difusa. Non sempre había explicacións, porque as familias intentaban protexelas. Mais a preocupación filtrábase igualmente. A incerteza colábase nas rutinas diarias.

Nalgúns casos, a reconversión significou marchar. Abandonar a aldea, a escola, as amizades. Separarse da familia extensa. Cambiar de lugar cando aínda non se entendía por que.

Na casa, tamén se notaba o peso da situación. A reconversión alterou as relacións familiares. Houbo máis tensión, máis nervios, máis discusións.

Algunhas crianzas lembran como os seus pais asumiron traballos que non lles gustaban para poder seguir adiante. Outras lembran como as nais tomaron o mando das casas, intentando manter unha certa normalidade.

“As nais facían que non nos decatáramos.”

A humillación social foi outra das feridas. Comentarios na escola, preguntas incómodas sobre por que o pai non traballaba. Miradas que pesaban.

Mais houbo tamén momentos de apoio e complicidade. Amigas que compartían información, que construían relatos a partir do pouco que sabían. Redes informais que axudaron a soportar a incerteza.

Medrar no medio da reconversión deixou marcas. Non sempre visibles, pero fondas. Moitas destas crianzas creceron cunha conciencia temperá da precariedade, da inxustiza e da importancia de sosterse colectivamente.

Este capítulo fala delas. Das **fillas da reconversión**. Das que marcharon e das que quedaron. Das que aprenderon demasiado cedo que o futuro non sempre está garantido.

E tamén fala das mulleres que fixeron todo o posible para protexer esa infancia, aínda cando elas mesmas estaban rotas por dentro.

Memoria e presente: isto tamén é historia

Durante moito tempo, estas historias quedaron gardadas nas casas. En conversas baixas, en lembranzas compartidas só entre persoas que pasaran polo mesmo. Non formaron parte do relato oficial nin dos discursos públicos sobre a reconversión.

Mais estiveron sempre aí.

A reconversión non rematou cando acabaron os peches, cando chegaron as últimas cartas ou cando as mobilizacións perderon forza. Continuou nas vidas das persoas que a viviron, nas decisións que tomaron despois, na relación co traballo, coa estabilidade e co futuro.

Para moitas mulleres, a ferida segue aberta. Aínda hoxe, pasar diante do estaleiro provoca unha reacción inmediata: unha volta no corpo, un nó no estómago, unha emoción difícil de explicar.

“Iso non se esquece.”

Este proxecto nace da necesidade de nomear todo iso. De poñer palabras ao que durante anos quedou sen relato. De recoñecer que a reconversión tamén foi unha historia de mulleres, de coidados, de sostén e de resistencia silenciosa.

A memoria non é só lembrar. É tamén comprender. Comprender o que pasou, como se viviu e quen sostivo a vida cando todo parecía derrubarse. Recuperar estas voces non é un exercicio de nostalgia, senón un acto de xustiza.

As historias recollidas nesta publicación non son excepcións nin casos illados. Son experiencias compartidas, repetidas en moitas casas, en moitas parroquias, en moitas familias. O anonimato co que se presentan non borra as voces; ao contrario, convérteas nunha voz colectiva.

Este proxecto non pretende pechar feridas, porque iso non sempre é posible. Pretende, cando menos, recoñecelas. Darlles un lugar na historia común. Dicir en voz alta que o que fixeron as mulleres durante a reconversión foi esencial.



“Sostivémolo todo. E non se contou.”

Agora cóntase.

Porque falar do pasado é tamén falar do presente. Nun contexto no que as crises volven, no que a precariedade segue presente, no que os coidados continúan recaendo maioritariamente nas mulleres, estas historias seguen sendo necesarias.

Lembrar é unha forma de resistencia.

Contar é unha forma de reparación.

E dicir que isto tamén é historia é, simplemente, **xustiza**.



Agradecementos

Ás participantes no proxecto *Mulleres da Reconversión*, polo seu tempo, a súa xenerosidade memoria e confianza:

M^a Victoria Carro, Isabel Castro, M^a José García, M^a Aurelina González, Maite López, Xosefina López, Fortuna Martínez, M^a Alicia Martínez, Cari Meizoso, Guadalupe Permuy, M^a Luisa Prieto, M^a Isabel Rodríguez, Paula Romero, M^a Olga Santiago, M^a Ángeles Soto, M^a José Varela, Mercedes Varela.

Tamén a **Eva M^a Fraga, Ana M^a García, Lucía Vaquero, Navantia Seanergies, RSC e Patrimonio Navantia Ría de Ferrol (Xavier Riveiro, Lucía Ferreiro) e Radio Fene** polas súas aportacións.

E todas as persoas e entidades colaboradoras no proceso de elaboración deste proxecto.



Durante a reconversión naval, cando o estaleiro parou, as mulleres seguiron sostendo a vida. Nas casas, nas rúas, nas mobilizacións e nos coñecidos, asumiron un papel fundamental que durante moito tempo non foi contado.

Mulleres da Reconversión recupera esa memoria silenciada a través das historias, vivencias e voces colectivas das mulleres que viviron aquel proceso en Fene e na comarca de Ferrolterra. Mulleres que organizaron a resistencia e que criaron no medio da incerteza.

Esta publicación forma parte dun proxecto de memoria, igualdade e xustiza social que devolve ás mulleres o lugar que lles corresponde na historia da reconversión naval.

Porque sen elas, esa historia non se entende.

Un proxecto da



Coa colaboración de

